



FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

CURSO DE INICIACIÓN Á ESPELEOLOXÍA

**13 e 14 de Maio de 2006 (Escola de Escalada do Canón do Sil)
20 e 21 de Maio de 2006 (Cobas- Ourense)**

Este curso ten por obxecto a formación técnico- práctica dos espeleólogos, tanto no aspecto deportivo como nas distintas áreas que teñen que ver co noso deporte, acadándose, despois de 40 horas lectivas, o nivel axeitado para iniciar con seguridade á práctica da Espeleoloxía de forma autónoma.

Materias a impartir

- A estrutura Federativa
- Fisioloxía Deportiva
- Medio Soterrado
- Técnica e Material
- Topografía e Cartografía
- Prevención de accidentes

As materias recollidas no Manual de Iniciación á Espeleoloxía da E.E.E. terán unha carga horaria de 10 horas non presenciais.

Calendario do curso

Sábado 13

- 09:30 h Recepción dos participantes no albergue de Penalba (Nogueira de Ramuín).
- 10:00 h. Desenvolvemento do temario.
- 13:30 h. Xantar.
- 15:00 h. Prácticas en parede
- 20:00 h. Remate das prácticas

Domingo 14

De 09:00 a 16:00 prácticas.

Sábado 20

As 9:00 h incorporación dos participantes no refuxio da F.G.E. de Cobas - Ourense, e desenvolvemento do programa.

Domingo 21

De 09:00 a 18:00 h prácticas nas covas da zona, avaliación e clausura do curso.

Cota de inscrición

O importe da actividade será de 36,00 € para os federados na Federación Galega de Espeleoloxía e 72,00 € para os federados doutras Federacións Autonómicas. Os respectivos Clubs, unha vez confirmada a praza, aboarán a cota por cada asistente mediante un ingreso na c/c 0182 2200 14 0204190934 do BBVA a nome da Federación Galega de Espeleoloxía, indicando no concepto o nome e apelidos do cursillista e o do curso.

Regulamento do curso

- Tódolos participantes neste curso deberán ser maiores de 14 anos e estar en posesión da licenza de Federado por calquera Federación Autonómica de Espeleoloxía do ano en curso. Os menores de idade precisarán, ademais, autorización escrita do pai, nai ou titor.



COMPLEXO DEPORTIVO DE ELVIÑA * 15008 * A CORUÑA * TELEF Y FAX: 981291087

<http://www.espeleoloxia.org> - [e-mail.- info@espeleoloxia.org](mailto:info@espeleoloxia.org)



FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA

- É imprescindible para a asistencia ó curso o seguinte material:
 - Casco e sistema de iluminación.
 - Material de técnica alpina (*)
 - Saco de durmir e illante
 - Caderno de apuntes e bolígrafo
 - Alimentación durante o desenvolvemento do curso
- (*) Arnés, descensor, bloqueadores, pedal, bagas de ancoraxe e mosquetóns. O Material colectivo será cedido pola E.G.E. á organización do curso.
- Número de prazas dispoñible será de 12.
- O prazo de inscrición abrirase o 26 de abril e rematará o 10 de maio.
- Por ter solicitado e comprometido un mínimo de prazas, resérvanse un total de 4 prazas para os membros da Sección de Espeleoloxía do Club de Montaña Lucus Augusti. As 8 restantes repartiránse en sorteo público entre os inscritos. Dito sorteo celebrarase o día 10 de maio as 20,00 h. na sede da F.G.E. A relación de admitidos será publicada o día seguinte na web da F.G.E.
- Nas inscricións se farán constar os datos persoais con número de licenza e teléfono ou correo electrónico de contacto, admitíndose como medios o correo electrónico, fax e correo postal.
- O día de comezo do curso, as/os deportistas terán que presentar unha copia do resguardo de pagamento da cota.
- Ao remate do curso, expedirase un Diploma de asistencia, onde se incluírá, no seu caso, a cualificación de aptitude para cada asistente. Tal cualificación, que terá en conta tódalas tarefas e actitudes docentes que desenvolva cada asistente, será imprescindible para poder asistir ao curso de formación ou calquera outro de nivel superior.
- A organización do curso NON se fai cargo da responsabilidade civil na que puideran incurrir os asistentes nas súas actuacións ou se sufrisen ou provocasen accidentes.
- A E.G.E. resérvase o dereito de rexeitar ós alumnos que non cumpran as elementais normas de seguridade, así mesmo, anular o curso se as circunstancias o requiren.
- A asistencia ó curso é voluntaria, deste xeito a participación nel supón a aceptación deste regulamento.

Cadro docente:

O curso será impartido polos membros da Escola Galega de Espeleoloxía (E.G.E.)

Para inscricións:

Correo electrónico: info@espeleoloxia.org

Información:

Federación Galega de Espeleoloxía
Complexo Deportivo de Elviña. Avda. Glasgow nº 13
15008 A Coruña
Tlf.: 981 291 087
Correo electrónico: escuela@espeleoloxia.org
<http://www.espeleoloxia.org>